

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A
UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA O
DESENVOLVEMENTO DE INICIATIVAS DE COLABORACIÓN CON EMPRESAS PROMOVIDAS POLO
PERSOAL INVESTIGADOR DOS CAMPUS DE VIGO E PONTEVEDRA PARA O ANO 2024

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE INICIATIVAS DE COLABORACIÓN CON EMPRESAS PROMOVIDAS POLO PERSOAL INVESTIGADOR DOS CAMPUS DE VIGO E PONTEVEDRA PARA O ANO 2024

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Luís López Diéguez, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Doutra, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia, núm. 110/2022, de 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro e publicados no DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2019.

E dando fe do acto, don Gabriel Juan Rodríguez Alonso, en calidade de secretario accidental da Deputación Provincial de Pontevedra.



Todas as partes se recoñecen mutua e reciprocamente plena capacidade para o outorgamento do presente instrumento e, a tal efecto

EXPOÑEN

I.- Que a Universidade de Vigo é unha entidade de Dereito Público con personalidade e capacidade xurídica plenas e patrimonio propio, que realiza o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, asumindo e desenvolvendo as súas funcións ao servizo da sociedade entre as que se atopan a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico.

II.- Que a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario, pon a estas institucións ao servizo da sociedade atribuíndolles, entre outras, funcións de creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura así coma de difusión, valorización e transferencia do coñecemento ó servizo da cultura, da calidade da vida, e do desenvolvemento económico.

III.- Que a colaboración con empresas da contorna, como actividade orientada a transferir o coñecemento xerado na universidade, constitúe unha función esencial da Universidade, a tamén chamada terceira función. Para tales efectos, a Universidade asume o desenvolvemento da investigación científica, técnica, humanística e artística, así como a formación de persoal investigador, atendendo tanto á investigación coma ao desenvolvemento experimental e tecnolóxico.

No 2023, a Deputación de Pontevedra financiou axudas para iniciativas investigadoras nas que realizáronse un total de 9 proxectos. Mais de 25 investigadores beneficiáronse destas axudas e abordáronse temas de relevancia para a provincia de Pontevedra. Ao



final da axuda, publicouse un libro cos principais resultados acadados polos investigadores (<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/investigar/transferencia-conecemento/oferta-innovacion/libro-proxectos-uvigo-depo.pdf>).

IV.- Que a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo apostan decididamente pola colaboración como medio para contribuír ao desenvolvemento social e económico da provincia a través da promoción da colaboración público-privada como mecanismo para mellorar o desempeño innovador e a competitividade das empresas da provincia a través de iniciativas de colaboración con empresas promovidas polo persoal investigador dos Campus de Vigo e Pontevedra.

V.- Que para artellar a colaboración entre as partes cara á proxección exterior e de creación de valor económico e social como motor de desenvolvemento territorial na provincia de Pontevedra, prevese a fórmula do convenio como idónea para acadar os obxectivos propostos. Neste senso os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal como establecen os artigos 47 e os seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Os convenios constitúen un instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, segundo resulta do contido do artigo 57 da Lei 7/1985 de 2 de abril e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Segundo a tipoloxía prevista no art. 47.2 da LRXSP o acordo de colaboración que se pretende celebrar acomódase ó previsto no seu apartado "a) *Convenios interadministrativos firmados entre dos o más Administraciones Públicas, o bien entre dos o más organismos públicos o entidades de dereito público vinculados o dependentes de distintas Administraciones públicas, y que podrán incluir la utilización de medios, servicios y recursos de otra Administración Pública, organismo público o entidad de dereito público vinculado o dependiente, para el ejercicio de competencias propias o delegadas.*"



VI.- Que de acordo coas precedentes consideracións e co fin de posibilitar a colaboración entre ambas as dúas entidades para a consecución real e efectiva de obxectivos de interese común como son o apoio e a contribución ao desenvolvemento socioeconómico da provincia de Pontevedra, ambas partes conveñen na concertación do presente convenio, con arranxo ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo para impulsar as iniciativas de colaboración entre a Universidade de Vigo e as empresas do entorno, apoiando aquelas colaboracións que contribúan ao desenvolvemento social e económico da provincia de Pontevedra e ao coñecemento da súa realidade, así como a especialización do Campus de Pontevedra-Campus CREA.

O programa financiará a preparación de candidaturas dos investigadores da Universidade de Vigo, para solicitar proxectos en concorrencia competitiva en colaboración con empresas da contorna. As empresas colaboradoras reflexaranse na solicitude de axuda.

Para iso financiaranse proxectos relacionados cos ámbitos socioeconómicos máis propios da provincia, ou calquera outro sempre que se xustifique axeitadamente a súa relación coa provincia de Pontevedra, dentro das seguintes liñas:

- No ámbito de Ciencias da saúde:
 1. Investigación en novas estratexias de prevención e promoción da saúde .
 2. Medicina e saúde pública: promoción educación para saúde.
- No ámbito de Ciencias Medio ambiente:
 1. Biodiversidade e conservación de hábitats.
 2. Agrobioloxía ambiental: calidade, solos e plantas.



3. Contaminantes, ambientais terrestres e mariños.
- No ámbito das Ciencias sociais:
 1. Economía, sociedades e territorio: estudos demográficos.
 2. Redes sociais e novas tecnoloxías.
 3. Comunicación e produtos de entretemento activo
 - No ámbito tecnolóxico:
 1. Enerxías renovables.
 2. Dixitalización: tecnoloxía da información e a comunicación (TICs)
 - No ámbito de Humanidades:
 1. Investigación en arte contemporánea, arte e antropoloxía, políticas culturais.
 2. Deseño e moda
 3. Humanidades dixitais

Ao mesmo tempo pretende ser unha vía para que persoal investigador a tempo completo máis novo e os que teñan máis dificultades para acudir a outras convocatorias, podan poñer en marcha os seus proxectos de colaboración coas empresas do entorno.

Ademais, este programa pretende contribuír a reducir o desequilibrio entre homes e mulleres dedicados á investigación no sistema universitario de Galicia, en cumprimento do compromiso de eliminación de discriminacións entre homes e mulleres que recolle o artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.



SEGUNDA. IMPORTE E FINANCIAMENTO

A Deputación de Pontevedra financiará unha contía máxima de trinta mil euros (30.000,00€) as actividades a desenvolver, contra a aplicación 24/942.2410.453.94 do vixente orzamento provincial. Que se distribuirá nun máximo de 6.000 € por proxecto, de acordo co orzamento achegado coa solicitude que consta no expediente.

TERCEIRA. PROCESO DE SELECCIÓN E APROBACIÓN DOS PROXECTOS

A selección das axudas será efectuada por unha Comisión de Avaliación que estará composta por:

- A Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, ou persoa en quen delegue, que será a presidenta da Comisión.
- A persoa que exerza a dirección do Campus CREA, ou persoa en quen delegue, que será a secretaria da Comisión.
- Tres persoas de diferente ámbito de coñecemento do Campus de Pontevedra e de Vigo pertencentes ao sector PDI con dedicación a tempo completo e vinculación permanente con, polo menos, un sexenio recoñecido.
- Tres representantes da Deputación de Pontevedra, elixido/a polo Presidente da Deputación de Pontevedra.

Os membros desta comisión non poderán participar nos equipos solicitantes dos proxectos desta convocatoria.

A comisión, de conformidade cos criterios establecidos para a avaliación, emitirá un informe motivado sobre a prelación das solicitudes. Non obstante, non será necesario fixar dita orde de prelación cando o crédito consignado sexa suficiente para atender todas as solicitudes presentadas que satisfagan os requisitos esixidos.

Efectuada a valoración, a Comisión de Avaliación, a través da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación, publicará no taboleiro de anuncios da sede



electrónica a listaxe provisoria de axudas concedidas e denegadas. Fixarase un prazo de cinco días hábiles, que se contarán desde o día seguinte á publicación da devandita listaxe, para que os/as candidatos/as presenten as alegacións que consideren oportunas a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> (Instancia SXER-Emenda e mellora da solicitude). Transcorrido este prazo, a comisión elevará, a través da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación, unha proposta definitiva de resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Cada solicitude valorarase seguindo a seguinte ponderación:

- 10% os méritos do investigador/a principais solicitantes.
- 90% a proposta presentada.

A orde de prelación corresponderá estritamente pola valoración acadada. Ás solicitudes corresponden ao ámbito e ao Campus do/da seu/súa investigador/a principal.

CUARTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a financiar os custos derivados do financiamento de iniciativas en colaboración con empresas e promovidas polo investigador da Universidade de Vigo, que se corresponden coa totalidade do importe do convenio (100%), ata a cantidade máxima de trinta mil euros (30.000,00 €), de conformidade co disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, e na parte proporcional do financiamento, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

A Deputación de Pontevedra prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en



cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017.

QUINTA. COMPROMISOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

1. Asumir individualmente a obriga da organización e coordinación de todas as actividades realizadas ao abeiro deste convenio, en particular a posta en marcha dun programa de axudas ao desenvolvemento de iniciativas de colaboración con empresas promovidas polo seu persoal investigador.
 2. Facer un seguimento e avaliación dos proxectos propostos e executados.
 3. Aprobar as correspondentes convocatoria de axudas, memorias técnicas, pregos de cláusulas ou documentos análogos que conteñan as condicións dos contratos necesarios para a completa realización das actividades programadas obxecto do convenio, así como calquera outro extremo que fose necesario para a súa execución.
 4. Asumir a obriga, de ser necesario, de obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
 5. Difundir as actividades, publicar un libro cos principais resultados acadados polos investigadores nos proxectos financiados e facer visible a colaboración da Deputación de Pontevedra no seu financiamento.
 6. Xustificar no prazo máximo de tres meses, dende o fin das actuacións perante a Deputación as actuacións executadas.
 7. Prestar a colaboración para facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que le correspondan á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Así mesmo, comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén serán de aplicación o establecido no seu Regulamento, aprobado polo



Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2003, de 21 de xullo.

8. Comunicar á Deputación de forma inmediata a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.

9. Elaborar unha memoria final que avalíe as actividades levadas a cabo.

SEXTA. PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións derivadas do obxecto do presente convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin facilite a Deputación de Pontevedra.

As accións de promoción a desenvolver no marco do obxecto do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración prestada pola Deputación de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.



SÉTIMA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das actuacións subvencionadas.

OITAVA. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se abone máis que o importe xustificando co límite da subvención concedida, establecendo una porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial do 20 %.

A documentación xustificativa a presentar polo beneficiario previa á realización do pago final será a seguinte:

- a) Conta xustificativa dos gastos, na que figurará a relación do custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, así como a súa aprobación polo órgano competente.
- b) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida.
- c) Declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada. Así mesmo, indicárase que o resto de xustificantes da conta estarán a disposición da Deputación para o seu exame no caso de que sexa requirida.



- d) Memoria explicativa e detallada da realización da finalidade.
- e) Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade.
- f) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedente, data e importe total concedido.
- g) Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da LSG, para ser beneficiaria desta axuda, así como os certificados que acrediten non ter débedas con Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- h) Xustificación da divulgación do financiamento da actividade por parte da Deputación.
- i) Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, coordinación, vixilancia e control da execución do obxecto deste convenio, así como a resolución de dúbidas e resolución de conflitos que poidan producirse na súa interpretación, crearase unha comisión mixta con representantes designados de cada unha das partes en réxime de paridade, e sen prexuízo de que poida solicitarse, de mutuo acordo, a presenza puntual doutros membros e/ou asesores.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:



- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do obxecto do convenio.
- A coordinación entre as partes asinantes na execución das actuacións obxecto do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das partes asinantes.
- A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxustar ou modificar as actuacións que se estean realizando no marco do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na súa execución.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.
- Propoñer, de mutuo acordo, a prórroga deste convenio.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra, salvo que se acorde a súa celebración noutro lugar. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións. En defecto de acordo a presidenta da Deputación sinalará o responsable da Comisión, que actuará en calidade de presidente.

DÉCIMA. VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/12/2024, estendéndose o seu prazo de xustificación como máximo ata o día 31/03/2025.



DÉCIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º. Por calquera outra causa que faga inviable a continuación das actuacións obxecto deste convenio, previa comunicación e tratamento pola Comisión de Seguimento.

DÉCIMO SEGUNDA. CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Cada una das partes comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas ou técnicas no desenvolvemento dos proxectos de investigación que se leven a cabo. Os datos e informes obtidos durante a realización dos proxectos conxuntos, así como os resultados finais, terán carácter confidencial. Cando unha das partes desexe utilizar os resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación como artigo, conferencia, etc., deberá solicitar a conformidade da outra



parte por escrito, mediante carta certificada dirixida ao responsable do seguimento do proxecto.

Calquera que sexa o modo de difusión, respectarase sempre a mención dos/os autores/as do traballo. No caso de patentes, estes/estas figurarán en calidade de inventores/as. En calquera caso, farase sempre referencia especial a este convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. CLÁUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS

As partes manifestan e se comprometen a darlles aos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio un uso adecuado no marco do disposto pola normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal integrado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPD) e as normas de desenvolvemento que a cada parte lles resultes aplicables.

Na execución deste convenio as partes declaran que asumen a condición de responsables do tratamento independentes, xa que cada unha no seu propio ámbito de actuación determina os medios e os fins dos tratamentos de datos necesarios; e que non se dan as condicións para ser consideradas corresponsables do tratamento ao abeiro do previsto no RXPD. En consecuencia, cada unha das partes asinantes responderá individualmente fronte ás persoas afectadas e fronte ás autoridades de control competentes, do incumprimento das súas obrigas correspondentes en materia de protección de datos persoais, así como das infraccións en que tivese incorrido.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante comunicación ao enderezo social do responsable do tratamento que corresponda, así como, de existir, a través de correo electrónico aos respectivos delegados de protección de datos. Se a solicitude de exercicio de dereitos se presentase diante da parte que non



sexa a competente para a súa tramitación e resolución, esta daralle traslado á competente á maior brevidade posible, informando disto á persoa interesada.

Se a correcta execución dalgunha das prestacións deste convenio requirise a cesión de datos persoais dunha das partes á outra, esta terá a súa base de lexitimación, cando menos, no cumprimento do presente convenio, de conformidade co establecido no artigo 6.1.b) do RXP, sempre e cando se limite aos mínimos imprescindibles para acadar o fin perseguido. En todo caso, a entidade cesionaria adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais cedidos durante a vixencia deste convenio.

Sen prexuízo do anterior, os datos persoais que figuran neste convenio relativos ás persoas asinantes serán e/ou poderán ser obxecto daquelas actuacións que se deriven da aplicación e cumprimento da normativa de transparencia e acceso á información pública aplicable á Universidade de Vigo e, de ser o caso, á outra parte.

DÉCIMO CUARTA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.



E, como proba de conformidade, asinan o presente Convenio, na data da sinatura electrónica.

O reitor magnífico da Universidade de Vigo, Manuel Joaquín Reigosa Roger.

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luís López Diéguez.

O secretario accidental da Deputación Provincial de Pontevedra, Gabriel Juan Rodríguez Alonso.

ANEXO I

RESOLUCIÓN REITORAL DO xx/xx/2024 POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS FINANCIADAS POLA EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A PREPARACIÓN DE CANDIDATURAS PARA SOLICITAR PROXECTOS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA EN COLABORACIÓN CON EMPRESAS PARA O ANO 2024

A colaboración con empresas do entorno, como actividade orientada a transferir o coñecemento xerado na universidade, constitúe unha función esencial da Universidade, a tamén chamada terceira función. Para tales efectos, a Universidade asume o desenvolvemento da investigación científica, técnica, humanística e artística, así como a formación de persoal investigador, atendendo tanto á investigación coma ao desenvolvemento experimental e tecnolóxico.

En virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 29 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos desta Universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

- 1. Convocar Axudas destinadas a Grupos de Investigación dos Campus de Pontevedra e Vigo, en réxime de concorrencia competitiva, para a preparación de candidaturas de cara a solicitar proxectos en concorrencia competitiva en colaboración con empresas que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.*
- 2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/>.*

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso

non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaía resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

REITOR

P.D. R.R. 26/05/2020 (DOG de 4 de xuño)

A Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

ANEXO I

O PROGRAMA DE AXUDAS FINANCIADO POLA EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DE INICIATIVAS DE COLABORACIÓN CON EMPRESAS PROMOVIDAS POR PERSOAL INVESTIGADOR DOS CAMPUS DE PONTEVEDRA E VIGO

1. Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto financiar a colaboración da Universidade de Vigo coas empresas da contorna, apoiando as iniciativas que contribúan ao desenvolvemento social e económico da provincia de Pontevedra e ao coñecemento da súa realidade, así como a especialización do Campus de Pontevedra-Campus CREA dentro das seguintes liñas:

No ámbito das Ciencias da Saúde:

- 1. Investigación en novas estratexias de prevención e promoción da saúde .*
- 2. Medicina e saúde pública: promoción educación para saúde.*

No ámbito das Ciencias:

- 3. Biodiversidade e conservación de hábitats.*
- 4. Agrobioloxía ambiental: calidade, solos e plantas.*
- 5. Contaminación en ambientes terrestres e mariños.*

No ámbito das Ciencias sociais:

- 6. Economía, sociedade e territorio: estudos demográficos.*
- 7. Redes sociais e novas tecnoloxías.*
- 8. Comunicación e produtos de entretemento activo*

No ámbito das Ámbito tecnolóxico:



9. *Enerxías renovables.*

10. *Dixitalización: tecnoloxía da información e a comunicación (TICs)*

No ámbito das Ámbito de Humanidades:

11. *Investigación en arte contemporánea, arte e antropoloxía e políticas culturais.*

12. *Deseño e moda*

13. *Humanidades dixitais*

Ao mesmo tempo pretende ser unha vía para que persoal investigador a tempo completo máis novo e os que teñan máis dificultades para acudir a outras convocatorias, podan poñer en marcha iniciativas de colaboración coas empresas do entorno.

Ademais, esta convocatoria quere contribuír a reducir o desequilibrio entre homes e mulleres dedicados á investigación no sistema universitario de Galicia, en cumprimento do compromiso de eliminación de discriminacións entre homes e mulleres que recolle a Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Responder ás desigualdades de xénero e tamén un dos obxectivos do Sistema Español de Ciencia, Tecnología e Innovación e así ven recollido o impacto de xénero positivo na reforma da Lei 14/2011, de 1 de xuño da ciencia, a tecnoloxía e a innovación reformase pola Lei 17/2022, de 5 de setembro. Por iso, as axudas que se regulan nesta convocatoria terán en consideración o peso relativo das mulleres nas propostas presentadas, de xeito que se potencie o seu número e a calidade do seu traballo.

De igual maneira, impleméntanse as medidas da resolución reitoral do 18 de xaneiro de 2022, pola que se regula a acción positiva aprobada no Consello de Goberno do 29 de abril de 2019.

2. Características das axudas

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas o persoal investigador que cumpra os requisitos establecidos nesta convocatoria e que forme parte dun grupo de investigación da Universidade de Vigo (SUXI), que só liderarán unha solicitude por grupo xa sexa como investigador principal 1 ou como investigador principal 2.



As iniciativas de colaboración con empresas da contorna realizaranse de forma individual, con un/unha ou dous investigadores/as principais e un equipo de investigación proporcional coas tarefas a realizar, como mínimo de dous/dúas investigadores/as.

As solicitudes con dous investigadores/as principais, ambos/as terán a mesma consideración a todos os efectos, pero será o investigador principal 1 quen presentará a solicitude, fixará o ámbito de aplicación da liña de actuación e actuará como interlocutor cos servizos administrativos da Universidade de Vigo para os diferentes trámites relacionados coa xestión

3. Requisitos específicos do persoal investigador

3.1. Requisitos do persoal investigador principal :

- Estar en posesión do título de doutor/a, e manter unha relación contractual coa Universidade de Vigo laboral non funcionarial a tempo completo ata a data de finalización do período de execución da subvención (31/12/2024). Para esta convocatoria non poderán participar como investigador/a principal as persoas investigadoras dos centros adscritos a Universidade de Vigo.*
- Non estar contratado/a con carácter indefinido con cargo a unha liña de investigación, nin por duración determinada ou circunstancias da produción con cargo a fondos de proxectos de investigación ou outras actividades de I+D.*
- Desenvolver o seu labor investigador en instalacións dos Campus de Pontevedra e Vigo, entenderase que a pertenza a unha das xuntas de centro destes Campus é condición suficiente, o resto do persoal deberá acreditar a súa adscrición investigadora a estes Campus durante todo o período de execución do proxecto.*
- Non ter sido investigador/a principal en ningún outro proxecto de investigación de carácter competitivo de ámbito local, autonómico, estatal ou europeo.*
- O persoal investigador beneficiario dunha axuda posdoutoral que inclúa un contrato de estadía non poderá figurar como investigador/a principal no transcorrer desa fase do contrato.*
- Ningún investigador/a principal poderá figurar na solicitude de máis dun proxecto desta convocatoria.*

3.2. Requisitos do persoal do equipo de investigación:



- *Ter unha relación contractual coa Universidade de Vigo funcional ou laboral a tempo completo con capacidade para desenvolver tarefas investigadoras*
- *Estar contratado/a con carácter indefinido na liña de investigación na que se encuadre o proxecto ata a data de finalización do período de execución da subvención (31/12/2024).*
- *O persoal investigador predoutoral contratado co motivo de superar un procedemento de selección de persoal en concorrencia competitiva convocado por calquera entidade do sector público deberá presentar a correspondente autorización.*
- *Desenvolver o seu labor investigador en instalacións dos Campus de Pontevedra ou Vigo, entenderase que a pertenza a unha das xuntas de centro destes Campus é condición suficiente, o resto do persoal deberá acreditar a súa adscrición investigadora a un destes Campus durante todo o período de execución do proxecto.*
- *Ningún investigador/a poderá figurar na solicitude de máis dun proxecto.*

4. Prazo, documentación e forma de presentación das solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes abrangue dende o día seguinte á publicación desta convocatoria ata o día xx/xx/2024 (14:00 hora peninsular española).

O modelo de solicitude pode descargarse no [enlace](#). Unha vez cuberto e asinado (en formato .pdf) presentarase exclusivamente a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) no procedemento SXER - Instancia xenérica.

No modelo de solicitude faranse constar os seguintes datos:

- *Datos da persoa solicitante*
- *Datos da persoa que actúe como segundo/a investigador/a principal, se procede.*
- *Datos dos membros do equipo , que deberá ser proporcional ao número de tarefas a realizar.*
- *Resumo da iniciativa.*
- *Obxectivos xerais e específicos.*
- *Planificación de tarefas, descrición e tempo de dedicación do persoal investigador asignado a cada tarefa.*
- *Impacto esperado dos resultados para a provincia de Pontevedra.*



- *Encaixe nas liñas de investigación da convocatoria.*
- *Plan de comunicación científica dos resultados.*
- *Orzamento solicitado con indicación dos conceptos de gasto e indicación do importe de cada concepto.*
- *Relación dos cinco méritos máis relevantes (anos 2021 a 2023) por proxecto dos recollidos no punto A) do anexo II, referidos exclusivamente aos/as investigadores/as principais, indicarse para cada un dos méritos o código de valoración, a súa descrición e a puntuación que lle corresponde, segundo os criterios aprobados para a Producción Científica no ano 2022 (Anexo I Criterios PI) así como a información xustificativa.*

5. Revisión e selección das solicitudes

A instrución do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación.

Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, procederase á súa revisión, e publicarase a relación provisoria das solicitudes admitidas e excluídas a trámite, así como as causas de exclusión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

As persoas solicitantes excluídas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución para reclamar contra a relación provisoria ou para, no seu caso, corrixir ou completar a documentación. As reclamacións ou emendas presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) utilizando a instancia SXER-Emenda e mellora da solicitude, indicando no asunto “Convocatoria de axudas a iniciativas de colaboración con empresas dos Campus de Pontevedra e Vigo 2024”, dirixidas á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación.

Serán causas de exclusión das solicitudes presentadas o non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada.

Posteriormente procederase á publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas a trámite no taboleiro de anuncios da sede electrónica.



6. Avaliación, resolución de concesión e réxime de recursos

A selección será efectuada pola Comisión de Avaliación que estará composta por:

- *A Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, ou persoa en quen delegue, que será a presidenta da Comisión.*
- *A persoa que exerza a dirección do Campus CREA, ou persoa en quen delegue, que será a secretaria da Comisión.*
- *Tres persoas de diferente ámbito de coñecemento do Campus de Pontevedra e de Vigo pertencentes ao sector PDI con dedicación a tempo completo e vinculación permanente con, polo menos, un sexenio recoñecido.*
- *Tres representantes da Deputación de Pontevedra, elixido/a polo Presidente da Deputación de Pontevedra.*

Os membros desta comisión non poderán participar nos equipos solicitantes dos proxectos desta convocatoria.

Os criterios de avaliación son os recollidos no anexo II desta convocatoria.

A comisión, de conformidade cos criterios establecidos para a avaliación, emitirá un informe motivado sobre a prelación das solicitudes. Non obstante, non será necesario fixar dita orde de prelación cando o crédito consignado sexa suficiente para atender todas as solicitudes presentadas que satisfagan os requisitos esixidos.

Efectuada a valoración, a Comisión de Avaliación, a través da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación, publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica a listaxe provisoria de axudas concedidas e denegadas. Fixarase un prazo de cinco días hábiles, que se contarán desde o día seguinte á publicación da devandita listaxe, para que os/as candidatos/as presenten as alegacións que consideren oportunas a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> (Instancia SXER-Emenda e mellora da solicitude). Transcorrido este prazo, a comisión elevará, a través da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia



e Innovación, unha proposta definitiva de resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaía resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7. Incompatibilidades

A axuda é incompatible con calquera outra axuda de entidades públicas e privadas para a mesma finalidade e/ou período.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

8. Financiación e gastos elixibles

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2024 OOV1 131H 641.02 cunha dotación máxima de 30.000.-€. Este financiamento é froito do convenio que se asina coa Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento de proxectos colaborativos con empresas promovidos por persoal investigador dos Campus de Vigo e Pontevedra 2024 .



A subvención prevista para cada colaboración será de 6000.-€, concederáanse unha por cada liña de investigación ata un total de cinco. No caso de que haxa vacantes nalgúnha das liñas distribuiráanse por orde de puntuación aos outros ámbitos.

No caso de que non se alcance o total de cinco actuacións subvencionables previstas, a comisión de avaliación poderá incrementar a dotación das seleccionadas coa cantidade dispoñible da dotación máxima da convocatoria (30.000 €). O pagamento da anualidade librarase por anticipado o 100% da subvención concedida, no momento da resolución da concesión da axuda.

As axudas que se concedan deben considerarse destinadas a financiar a iniciativa só durante a anualidade 2024 e o plan de traballo presentado tamén deberá ser executado en dita anualidade.

Para a conciliación dos pedidos e para a elaboración dos documentos contables correspondentes estarase ao que dispoña a resolución reitoral que ordene o peche do exercicio orzamentario 2024.

Os equipos de investigación beneficiarios destas axudas non poderán dispoñer daqueles fondos que non teñan sido executados no prazo establecido.

As axudas deberán destinarse á preparación de candidaturas para solicitar proxectos en concorrencia competitiva, en colaboración con empresas. Os gastos elixibles serán á contratación de servizos externos (por exemplo, consultoras para a preparación de convocatorias, tradución, etc.) e desprazamentos ás empresas ou a terceiros para definir os termos da colaboración, que deberán especificarse na solicitude. Non serán gastos imputables os de contratación de persoal. A convocatoria de proxectos colaborativos á que se vai presentar a candidatura tamén debe especificarse na solicitude.

Calquera modificación entre conceptos de gasto superior ao 20% respecto do presuposto solicitado precisará da autorización previa da presidenta da Comisión de Avaliación, a solicitude irá dirixida á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación.



9. Renuncia

A renuncia á subvención farase por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se comunicase a renuncia, a Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da mesma lei.

10. Réxime de xustificación e publicidade

- 1. Todas as publicacións, comunicacións en congresos, relatorios, etc. se as houberse, relacionadas con este proxecto deberán facer constar a colaboración e financiamento da Deputación Provincial de Pontevedra.*
- 2. O persoal beneficiario das axudas reguladas nestas bases presentará a documentación xustificativa, no prazo de un mes, contado a partir do remate da aplicación da subvención. O/A investigador/a principal do proxecto deberá de presentar perante a Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación: un informe final no que se describan os resultados acadados que conterá polo menos os seguintes apartados, que deberán acreditarse documentalmentemente ou por calquera outro medio que deixe constancia da súa existencia.*
 - Un resumo breve (máximo dúas follas) dos resultados da iniciativa en relación cos obxectivos propostos. No caso de non acadarse todos os obxectivos deberán xustificarse os motivos.*
 - Outras actividades relacionadas : actas das reunións con empresas ou outras institucións, etc.*

Estes informes serán analizados nunha derradeira xuntanza da Comisión de Avaliación para valorar se as actuacións cumpriron co indicado na solicitude.

ANEXO II

A valoración de cada solicitude ponderarase do seguinte xeito:

- 10% os méritos do investigador/a principais solicitantes.*



- *90% a proposta presentada, segundo a táboa de criterios de avaliación.*

A orde de prelación corresponderá estritamente pola valoración acadada. Ás solicitudes corresponden ao ámbito e ao Campus do/da seu/súa investigador/a principal.

A) Criterios de valoración da relación de méritos do/a investigador/a principal ou investigadores/as principais.

Valoraranse únicamente os 5 méritos do/s investigador/a principal indicados no formulario de solicitude. Para a valoración de cada mérito empregaranse os criterios da Producción Científica da Universidade de Vigo, aprobados para o ano 2022 ([Anexo I Criterios PI](#)).

- *Non se valorarán méritos non recollidos nos criterios do anexo I ou que non estean xustificados.*
- *Non se admitirán contribucións pendentes de publicación á data de peche da convocatoria. En caso de ter asignado ISBN, ISSN ou DOI antes de dita data sí serán aceptadas, información que terá que xustificarse.*

B) Criterios de avaliación

<i>1. Proposta</i>	<i>1a) Aliñamento da proposta coas liñas de investigación da convocatoria*</i>	<i>20</i>
	<i>1b) Viabilidade da proposta</i>	<i>10</i>
	<i>1c) Xustificación do orzamento</i>	<i>10</i>
<i>2. Interese para a provincia**</i>		<i>30</i>
<i>3. Relevancia da convocatoria á que se vai presentar a candidatura (Europea, Nacional, Rexional, presuposto, etc.)</i>		<i>10</i>
<i>4. Impacto de xénero positivo***</i>		<i>10</i>
<i>5. CV do Investigador/a principal</i>		<i>10</i>

** Si non encaixa nunha das 13 liñas propostas no apartado 1, xa non será considerada a proposta para avaliación.*

***Valoración por parte dos representantes da Deputación na Comisión de Avaliación.*



****Terase en conta que a investigadora principal sexa muller ou haxa un predominio de mulleres integrantes do equipo da proposta, ademais de que a perspectiva de xénero estea integrada na proposta.*

ANEXO III

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPDP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de resolver a Convocatoria de axudas a grupos de investigación dos Campus de Pontevedra e Vigo 2023 e amparados pola Lei orgánica 2/2023, do 21 de decembro, do sistema universitario.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Os devanditos dereitos poderá exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou



*calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información:
<https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.*

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal. Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD)."